

Mobilidade xeográfica

A mobilidade xeográfica, entendida como contratos a traballadores en provincias, ou comunidades, distintas á que están domiciliados, é unha realidade social que cada vez abrangue a máis persoas, máxime en comunidades como a galega que se caracterizan polas elevadas taxas de paro e onde a emigración sempre foi unha saída laboral moi presente en todos os ámbitos da sociedade.

Cómpre aclararmos que, no referente aos datos que se van analizar a continuación, se trata de contratos rexistrados e non de persoas, é dicir, que unha persoa pode rexistrar máis dun contrato, na mesma ou en distinta provincia, polo que non se corresponde número de contratos con número de persoas.

Os últimos datos dispoñíbeis son de 2006, ano do que apenas temos un avance, polo que, para unha análise máis profunda da situación galega, temos que nos retrotraer ao ano 2005. Unha vez feita esta análise, avanzaremos os principais datos do ano 2006, comparando a situación co resto do Estado.

Antes de comezarmos coa análise, é ben clarexarmos certos conceptos: a taxa de entrada reflicte a importancia que teñen no mercado de traballo dunha provincia os traballadores domiciliados noutra; pola contra, a taxa de saída reflicte a medida en que os traballadores dunha provincia son contratados noutra.

Centrándonos na realidade galega, no ano 2005 a taxa de entrada fora do 3,7 e a de saída do 8,6, polo que o saldo foi moi desfavorábel; concretamente o número de contratos a traballadores domiciliados en Galiza noutra comunidade superou en 42.084 os que se rexistraron en Galiza ao nome de domiciliados noutra comunidade.

As principais características dos ditos movementos resumímolos a seguir:

Principais movementos:

		Entran		Saen		Saldo
		Contratos	% total	Contratos	% total	
Xénero	Home	17.593	61,6	47.623	67,4	-30.030
	Muller	10.972	38,4	23.026	32,6	-12.054
Idade	De 16 a 24	8.151	28,5	17.074	24,2	-8.923
	De 25 a 34	12.427	43,5	30.287	42,9	-17.860
	De 35 a 44	4.957	17,4	13.693	19,4	-8.736
	De 45 a 54	2.383	8,3	7.649	10,8	-5.266
	Máis de 55	647	2,3	1.946	2,8	-1.299
Sector	Agricultura	1.016	3,6	2.169	3,1	-1.153
	Industria	2.692	9,4	3.816	5,4	-1.124
	Construción	5.515	19,3	17.782	25,2	-12.267
	Servizos	19.342	67,7	46.882	66,4	-27.540
Total		28.565		70.649		-42.084
Estranxeiros		3.936		6.993		-3.057

Fonte: INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

A primeira conclusión que se extrae dos datos da táboa anterior é que o saldo é sempre negativo; tanto ten que se trate de ou de mulleres, que teñan a idade que teñan, que se trate dun sector de actividade ou outro, ou que sexan estranxeiros. En todos os casos o saldo é negativo, ou o que é o mesmo, saen máis dos que entran.

No que atinxe ao sexo, o 61,6% dos que entran e o 67,4% dos que saen son homes, é dicir, a mobilidade xeográfica afecta moito máis aos homes que ás mulleres.

Por grupos de idade, son os máis novos os que máis se moven, tanto nas entradas como nas saídas; máis do 60% correspóndese a persoas con menos de 34 anos, especialmente o grupo de 25 a 34 anos, o cal comporta máis do


40%, o que nos fai pensar que un número importante de traballadores acceden ao seu primeiro emprego nun lugar distinto ao do seu domicilio.

Se analizamos o sector de actividade, máis do 66% tanto dos que saen como dos que entran é para algunha actividade relacionada co sector servizos; a construción é o segundo sector en importancia, especialmente dos que saen de Galiza, que é máis do 25%. O sector primario e industria non xeran moitos movementos, pero os que se producen tamén son negativos.

Dos estranxeiros domiciliados en Galiza, 6.993 saíron a outras comunidades a traballar durante o ano 2005; pola contra, apenas entraron 3.936, sendo polo tanto o saldo negativo.

Imos analizar máis polo miúdo estes movementos.

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE




Fonte: INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

Con procedencia doutras comunidades, o número maior de contratos rexistrouse a nome de traballadores domiciliados en Asturias, con preto do 20%. As seguintes comunidades son Castela e León e mais Madrid, achegando entre as tres máis do 50% do total. Os domiciliados en Andalucía e Catalunya son os seguintes en importancia.

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE DESTINO

Os contratos asinados noutras comunidades a nome de traballadores domiciliados en Galiza distribuíronse como segue:



Fonte:INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

Os traballadores domiciliados en Galiza que asinan un contrato noutra comunidade faino maioritariamente en Madrid (26%), seguida de Canarias (17,4) e Catalunya cun 16%. Dáse, pois, unha forte concentración nos destinos.

ACTIVIDADES ECONÓMICAS QUE MÁIS CONTRATAN

Os principais contratos rexistrados en Galiza de habitantes doutras comunidades foron, principalmente, nas seguintes actividades:

ENTRAN

	Contratos	%
Outras actividades empresariais	7.060	24,7
Construción	5.515	19,3
Comercio polo miúdo	2.628	9,2
Hostalaría	1.657	5,9
Actividades recreativas, culturais e deportivas	1.561	5,5
Actividades sanitarias	1.192	4,2
Comercio por xunto	951	3,3
Transporte terrestre	850	3,0
Intermediación financeira	789	2,8
Pesca acuicultura a servizos	617	2,2

Fonte:INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

Noutras actividades empresariais e na construción é onde aparecen a maioría dos contratos.

Dentro das 10 actividades que máis actividade xeran, non aparece ningunha relacionada co sector industrial, e co sector primario soamente un 2,2% de contratos en pesca e acuicultura; en troca, son moi maioritarias as relacionadas co sector servizos.

No que atinxe as domiciliados en Galiza que foron traballar a outras comunidades, as principais actividades nas que foron contratados son as seguintes.

SAEN

	Contratos	%
Construción	17.782	25,2
Outras actividades empresariais	17.039	24,1
Hostalaría	8.505	12,0
Comercio polo miúdo	3.651	5,2
Transporte marítimo	3.034	4,3
Actividades recreativas, culturais e deportivas	2.816	4,0
Comercio por xunto	2.380	3,4
Actividades sanitarias	1.747	2,5
Transporte terrestre	1.284	1,8
Pesca acuicultura a servizos	1.159	1,6

Fonte:INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

A concentración nunhas determinadas actividades parece ser a característica predominante tanto nas entradas como nas saídas. No caso dos que saen de Galiza, o 84% reflíctense nalgunha das 10 actividades antes descritas; máis concretamente, preto do 50% dos contratos asinados a nome de persoas domiciliadas en Galiza noutra comunidade foron ben na construción ben noutras actividades empresariais; a hostalaría, cun 12%, tamén é unha actividade atraínte.

Ao igual que nos que entraban, nos que saen a outra comunidade non aparece ningunha actividade relacionada co sector industrial entre as 10 primeiras, e co primario só a pesca e en último lugar.

OCUPACIÓNS MÁIS UTILIZADAS

A seguir, imos referirnos ás ocupacións máis utilizadas, e comezaremos polos que viñeron traballar aquí.

ENTRAN

	Contratos	%
Dependientes de comercio	3.813	13,3
Peóns de transporte e descargadores	1.604	5,6
Peóns de industrias manufactureiras	1.570	5,5
Albaneis e mamposteiros	1.531	5,4
Camareiros e asimilados	1.236	4,3
Guías e azafatas de terra	1.006	3,5
Peóns da construción	859	3,0
Taquígrafos e mecanógrafos	759	2,7
Condutores de camións	709	2,5
Representantes de comercio.	616	2,2

Fonte:INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

No que atinxe ás ocupacións máis utilizadas, non se dá a concentración que se dá nas actividades; de feito as 10 máis usadas apenas representan o 48% do total dos contratos, o que nos dá unha idea da elevada dispersión.

O que si podemos aseverar é que os que entran en Galiza veñen, maioritariamente, a realizar actividades pouco cualificas e relacionadas fundamentalmente coa construción e co sector servizos; soamente aparece unha actividade relacionada coa industria, a de peón.

Dos que saen a outras comunidades, a distribución por ocupación é como segue:

SAEN

	Contratos	%
Albaneis e mamposteiros	6.655	9,4
Camareiros e asimilados	5.419	7,7
Dependientes de comercio	4.718	6,7
Persoal de limpeza	3.732	5,3
Peóns de industrias manufactureiras	3.631	5,1
Peóns de transporte e descargadores	3.128	4,4
Peóns da construción	2.542	3,6
Representantes de comercio.	2.327	3,3
Traballadores do formigón e ferralla	2.161	3,1
Taquígrafos e mecanógrafos	1.825	2,6

Fonte:INEM. Datos básicos de mobilidade. 2005.

Ao igual que os que veñen traballar a Galiza, a dispersión é a característica fundamental nas ocupación dos contratos dos traballadores domiciliados en Galiza que saíron a outra comunidade; as 10 primeiras ocupacións, tan so representan o 51,2% do total.

A ocupación máis utilizada é a de albaneis, co 9,4% do total, seguido de camareiros, dependentes de comercio e persoal de limpeza, para xa logo ser os peóns os maioritarios, polo que se aprecia unha lixeira maior cualificación entre os que saen que os que entran.

En calquera caso, entre as 10 ocupacións máis utilizadas, hai moita mestura tanto dos que entran como dos que saen, polo que todo parece indicar que son outras razóns, probabelmente as salariais, os que motivan a mobilidade.

Onde si se aprecian diferenzas é se son traballadores estranxeiros os que se moven. Neste caso, a construción e o sector primario, pesca no caso dos que entran en Galiza, e agricultura no caso dos que saen de aquí, son as actividades máis utilizadas. Son os portugueses os estranxeiros maioritarios, seguidos dos marroquís no caso dos que entran e dos colombianos dos que saen.

Avance 2006 e comparación co resto do Estado

No ano 2006, por primeira vez no Estado español superáronse os 2 millóns de contratos que implican a mobilidade interprovincial do traballador. Foi un 11,8% máis de traballadores que se moveron entre as distintas provincias a respecto de 2005; entre comunidades autónomas o incremento dos movementos foi menor, un 7,7%.

A mobilidade xeográfica no Estado español ten como característica que preto do 40% dos contratos que implican desprazamento se concentran en 5 provincias; pola contra, en canto á orixe existe unha maior diversidade.

Entre as 5 provincias con maior taxa de entrada destacan: Guadalajara, Toledo, Huesca, Álava e Cuenca -ningunha galega-.

Entre as de saída, hai un grupo de provincias que superan o 20%, entre as que se atopa Ourense, xa que o 23% dos contratos rexistrados a traballadores domiciliados en Ourense tiveron outra provincia como destino.

Pero se cadra o máis importante é o saldo, é dicir, a diferenza entre entradas e saídas. Neste caso o saldo positivo máis elevado prodúcese en Madrid, seguido de Barcelona e Málaga.

Por comunidades só 7 presentaron saldo positivo no ano 2006.

Achégase a continuación cal é a situación das distintas comunidades no ano 2006, non só o número de contratos a traballadores que en termos absolutos entren ou saen de cada comunidade, senón tamén as taxas, xa que os termos relativos sempre permite ter unha visión máis clara da situación.

Mobilidade xeográfica. 2006.

	Entran	Saen	Saldo	Taxas		
				Entrada	Saída	mobilidade
Andalucía	131.049	228.648	-97.599	3,2	5,4	4,3
Aragón	48.960	46.438	2.522	10,1	9,6	9,9
Asturias	16.674	37.964	-21.290	5,3	11,3	8,4
Balears	58.854	30.683	28.171	13,7	7,7	10,8
Canarias	41.911	32.171	9.740	5,4	4,2	4,8
Cantabria	16.020	23.287	-7.267	8,1	11,4	9,8
Castela a Mancha	118.481	125.614	-7.133	18,5	19,3	19,0
Castela e León	57.584	101.261	-43.677	7,5	12,5	10,1
Catalunya	175.990	131.881	44.109	6,3	4,8	5,5
Com. Valenciana	140.837	141.021	-184	7,5	7,5	7,5
Estremadura	14.923	58.458	-43.533	3,8	11,4	7,5
Galiza	33.139	74.792	-41.653	3,9	8,4	6,2
Madrid	341.810	184.107	157.703	13,5	7,8	10,7
Murcia	103.489	78.374	25.115	13,8	10,8	12,3
Navarra	29.115	28.727	388	12,0	11,9	12,0
País Vasco	57.029	57.564	-535	6,8	6,9	6,8
Rioxa	23.783	26.777	-2.994	20,2	22,2	21,2

Fonte: INEM. Datos básicos de mobilidade. Avance 2006.

Son 7 as comunidades que no ano 2006 tiveron un saldo positivo. Encabeza Madrid a clasificación (157.703), seguida, pero xa a moita distancia, por Catalunya (44.109). Tamén teñen saldo positivo: Baleares, Murcia, Canarias, Aragón e Navarra.

O peor saldo rexistrouse en Andalucía, seguida de Castela e León, Estremadura e Galiza cun saldo negativo de 41.653 contratos a traballadores.

No caso de Galiza, as catro provincias tiveron un saldo negativo, sendo Pontevedra a de peores resultados (-18.877) aínda que é a que menor taxa de mobilidade ten. Lugo cun saldo negativo de 5.611 contratos é o menos malo de Galiza, aínda que a taxa de mobilidade é moi elevada, do 16,9%.

Se analizamos as taxas, Galiza é a terceira comunidade con menor taxa de entrada. Soamente Andalucía e Extremadura presentan unha taxa máis baixa, o que pon en evidencia o pouco “atractivo” que ten Galiza para os traballadores doutras comunidades; no que atinxe á taxa de saída, esta máis que duplica a de entrada.

Con respecto ao ano 2005, as entradas aumentaron nun 16% e as saídas nun 5,9%.

Vigo, 4 de decembro de 2007.

Natividad López Gromaz